

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Conto: Os lobos e a música [ATU-168: The Musician in the Wolf Trap]

VERSIÓN 1: O gaiteiro e o lobo

Ía un gaiterio camiño dunha romería polo medio do monte cando lle saíron os lobos. Asustouse moito e botou a correr, pero tremíanlle as pernas e aínda ben non se apartara un par de metros da manda, caeu ó chan e xa as feras o rodeaban.

Entón a gaita, que levaba aire no fol, quedou baixo do gaiterio e comezou a soar. Os lobos asustáronse e escaparon.

Desde aquela a xente que cruza montes de noite vai tocando a gaita para non ter medo dos lobos.

VERSIÓN 2: O pescador e o lobo

Un pescador ía pescar, preto da Fontebranca, cando lle apareceron os lobos. Colleu medo e subiuse a un piñeiro e agatuñando caeulle o cesto. Co ruído do cesto os lobos saíron a todo correr.

Entón o home dixo:

-Anda que se ó facer ruído escapan, ruído van ter.

E foi tocando ata a praia.

VERSIÓN 3: O Gaiteiro e os lobos

Era unha vez un gaiteiro que viña xa de tarde pola fraga dispois dunha parranda, e como tiña moito sono deitouse nunha pila de folla. Durmiuse, e estando durmido veu o lobo, oliscouno, e tapouno un pouco cas follas pensando quizais en voltar deica logo cos compañeiros.

O noso homiño, que se despertara ao sentir vir os lobos, subiuse a un carballo.

Viñeron os lobos e empezaron a fozar na folla, pero como non no atoparon, empezaron a pelexar co que os chamara.

Nesto que o noso gaiteriño vendo a pelexa que tiña os seus pes, empezou a acerretar pra que lle seguiran zoupando o lobo que o descubriu, pero velaí que cando se dan de conta que o carallo da cea estaba no carballo, deixaron a pelexa e empezaron a roelo carballo. Mais cando o carballo xa ía a cair, o gaiteriño pasou polas gallas a outro carballo.

Empezaron os lobos con mais fame aínda a roelo tamén. Pero agora xa non había outro pra facer o mesmo de antes. Ao darse conta, o homiño disto dixo.

- Me cago no mundo, si hei de morrer... que sexa tocando.

E empezou a tocar na gaita. Non se sabe como, pero en canto a gaita empezou a berrar, fuxiron os lobos coma se oisen as galochas do demo. O noso gaiteiro baixouse do carballo sen deixar de tocar a gaita, e tocando sen parar nin un momento chegou á aldea.

Dende entón os desta parroquia cando teñen que ir polo monte e non teñen armas levan a gaita.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

VERSIÓN 1: O gaiteiro e o lobo

Colexio Público de Xove, A fonte da vida longa, Concello de Xove, 1989, pp. 20.

VERSIÓN 2: O pescador e o lobo

Colexio Público de Xove, A fonte da vida longa, Concello de Xove, 1989, pp. 20.

Notas:

Tipo 168 no catálogo internacional de contos folklóricos de Aarne/Thompson.

COMENTARIOS ENVIADOS

Mi abuelo nació en Moucide en 1882, y me contaba esta historia de los lobos y la gaita. Recuerdo que mencionaba a un tal Pelostortos. Puede ser? Soy de Argentina

Enviado por Juan Rodríguez Pernas o 01/10/2007 ás 23:57:17